



# Puzzle

Coloca cada peza no lugar que lle corresponde e poderás ler uns versos que Uxío Novoneyra dedicou a poeta noíesa María Mariño.



# Adiviña, adiviñanza



Velaí van cinco adiviñas. A primeira é de Novoneyra; as outras catro son tradicionais.



1 A todo lle pon coroa, alisa montes e chaos. Ás veces voa, ás veces queda, inerte. Auguiña pra ter nas maos, auquiña que non se verte.

2 Que cousa ten o muíño, precisa e non necesaria; non pode moer sen ela e no lle serve de nada?"

3 O que o fai, non o quere, o que o compra non o usa e o que o usa non o ve.

4 De que encherías un barril para que pesara menos?

5 Na horta fun criada, atada con verdes lazos; aquel que chora por min estame partindo en pedazos.

# Xeroglíficos



1 Por que tes os ollos tan cansados?



2 Que estás a preparar?







# Homenaxe a catro profesores

## Dionisio, Quindós, Valiña e Ponte



Guillermo Pedreira,  
Xosé M<sup>a</sup> Campo Valiña  
e Bernardo Máiz.



**C**atro profesores nos deixaron no pasado curso para gozar dunha merecida xubilación: do Departamento de Filosofía, Dionisio Corral Felpeto; de Historia, Xosé M<sup>a</sup> Campo Valiña e de Lingua e Literatura Castelá, Manuel

Javier de Fuentes  
e Dionisio Corral



Quindós Folgueral e Xosé Antonio Ponte Far.

O día seis de novembro de 2009 os compañeiros e compañeiras do Centro fixémoslles unha Cea-Homenaxe de despedida no restaurante Pazo do Monte. Desexámoslles moita sorte nesta súa nova andaina.



Manuel Quindós  
e Ánxeles Seoane



Manuel Quindós,  
Ánxeles Seoane, M<sup>a</sup>  
Jesús García e Xosé Antonio Ponte







# Detrás de "Fóra de Portas"



*(Non estamos todos os que somos, pero somos todos os que estamos)*

